



Raid de Aventura

V LIGA GALEGA

Regulamento Tempada 2009

Introducción

Iniciamos a nosa quinta andaina de raids de aventura, cun proxecto consolidado despois de varios anos de éxitos e erros que nos axudan a mellorar cada tempada, mantendo unha media de máis de 30 equipos por proba, e cun calendario entre 3 e 6 eventos en terreo Galego de 1 ou 2 días de duración.

Con 2 categorías consolidadas de diferentes formatos -Elite (os 3 membros do equipo sempre en competición), e Aventura (2 membros do equipo sempre en competición)- e a posibilidade para os organizadores de incorporar esta ano un percorrido de iniciación -Orient-Raid (2 membros do equipo sempre en competición)- que nos permiten cumprir cos nosos obxectivos, aumentando ou diminuíndo a dificultade elixindo a categoría que cada un estime oportuna, para poder competir o noso nivel ou simplemente pasar un bo día disfrutando do deporte na natureza, pois non debemos esquecer a dualidade desta modalidade deportiva, a puramente competitiva e a de turismo activo.

Un deporte integrador único, tamén en canto que compiten na mesma categoría homes e mulleres, sen distinción de sexo ou idade.

A nosa obriga, seguir traballando para mellorar a calidade das nosas probas.

Calendario 2009

- 1ª Proba**, Sábado 21 de Marzo en Betanzos (A Coruña), organiza GALLAECIA.
- 2ª Proba**, Sábado 30 de Maio en Ordes (A Coruña), organiza SEO.
- 3ª Proba**, Sábado 13 de Xuño en Carnota (A Coruña), organiza ARTABROS.
- 4ª Proba**, 11-12 de Xullo en As Pontes (A Coruña), organiza GALLAECIA. Valedoira para a Liga Española de Raids de Aventura.
- 5ª Proba**, Sábado 19 de Setembro en Arteixo (A Coruña), organiza APA LICEO.

Información

Na Web de AGACO: <http://es.geocities.com/webagaco>

Nas web oficiais de cada proba:

1ª e 4ª proba: www.gallaeciaraid.es

2ª proba: www.clubseo.es

3ª proba: www.artabros.org

5ª proba: www.apaliceo.org/apaliceo/index.htm



Requisitos de participación

ARTIGO 1.- Para participar será obrigatorio ter 16 anos cumpridos ou máis (menores de 18 anos con autorización familiar), a excepción das probas de Liga Española que obrigatoriamente serán maiores de 18 anos. Tamén se deberá estar en posesión da licencia de Raid da FEDO na súa versión anual ou de fin de semana.

Regulamentos

ARTIGO 2.- A Liga Galega de Raid de Aventura estará suxeita 1º ás normas propias expostas neste regulamento, 2º as normas particulares de cada organizador sen contradicir as normas FEDO, e nos aspectos non recollidos nas mesmas aos regulamentos de Raid da FEDO.

Normas

ARTIGO 3.- Estas normas serán de aplicación en tódalas probas que integran esta liga.

ARTIGO 4.- Formato de competición

4.1.- Cada proba estará constituída por varias seccións cunha duración entre 6 e 10 horas para probas de 1 día, e non máis de 30 h para probas de 2 días.

4.2.- Toda a información da proba e as súas seccións estará recollida no libro de ruta elaborado pola organización e entregado os equipos antes da saída da mesma.

4.3.- É decisión de cada equipo o percorrido a seguir, unha vez recibidos os mapas da sección cos puntos obrigatorios de saída e chegada, así como o resto dos puntos de control (PC) debidamente sinalados segundo normativa IOF, decidindo a orden de visita dos PC e progresando autonomamente utilizando só os medios permitidos segundo libro de ruta. A organización poderá sinalar como obrigatorios os PC que estime oportunos.

4.4.- A organización establecerá as HORAS de CORTE que estime necesarias, así mesmo establecerá a HORA de PECHE na meta da proba, indicando as penalizacións para os equipos que superen estes horarios. Caso de que algún equipo sexa NEUTRALIZADO, as horas de corte e peche aumentarán en tanto tempo como o equipo estivese neutralizado.

ARTIGO 5.- Formato de Equipo: Son competicións de equipo cas seguintes categorías:

- **ELITE**, con formato 3+Asistencia, tres compoñentes sempre en competición e unha asistencia.

- **AVENTURA**, con formato 2+1 Reserva-asistencia, dous compoñentes sempre en competición e un posible reserva-asistencia, que poderá substituir ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.

- Ademáis, de xeito optativo para os organizadores das probas, a posibilidade de facer un percorrido de iniciación (**ORIENTA-RAID**), con formato 2+2 Reservas-asistencias, dous compoñentes sempre en competición e ata 2 posibles reservas-asistencias, que poderán substituir ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.



ARTIGO 6.- Compoñentes e nome de equipo

6.1.- Para favorecer a formación de equipos (e por tanto a promoción deste deporte, obxectivo principal desta liga) non haberá ningunha limitación na formación de equipos que participen en cada proba e que non puntúen no ranking galego.

6.2.- Os equipos que aspiren a puntuar para o RANKING GALEGO, deberán inscribirse como equipo para o ranking, por medio do seu club de pertenza, que remitirá á persoa encargada de elaboralo un e-mail (indicado no final destas normas) antes da celebración de cada proba, cun listado (en formato excell) da composición destes equipos cos seguintes datos: Nome do equipo, nome completo de cada compoñente, nº licenza raid anual (si ten), nº DNI e data de nacemento. Os equipos dos clubs que non remitan este listado con anterioridade a celebración da proba, non sumarán a puntuación obtida en dita proba no ranking galego.

6.3.- Non haberá limitación no número de compoñentes que participen cun equipo que puntúe no ranking, pero cada persoa durante a mesma tempada, só poderá competir en diferentes equipos que puntúen para o ranking sempre que estes equipos pertencan ó mesmo club.

6.4.- Cando un equipo que puntúe no ranking da liga modifique o seu nome, deberá informar convenientemente á persoa ca responsabilidade de elaborar o ranking, antes da celebración da proba na que participen cun nome diferente, para que se lle poidan sumar os resultados a un mesmo equipo con diferentes nomes.

ARTIGO 7.- Material Obrigatorio por Equipo sempre en carreira

- 1 Asubío e coñecer o código morse de SOS (...---...)
- 1 Manta térmica por compoñente
- Teléfono móbil co nº PIN (caso de telo) pegado por fora, que non poderá ser utilizado máis que en caso de emerxencia, o seu uso suporá a desclasificación da proba.
- Outros elementos obrigatorios que cada organización considere necesarios para a súa proba.

ARTIGO 8.- Duración das probas

En ningún caso excederán de dous días, os casos que así sexan serán estudados no seu intre e tratados excepcionalmente.

ARTIGO 9.- Clasificación Xeral da Liga (RANKING GALEGO)

9.1.- Para poder participar no ranking, os clubs e os equipos deberán cumprir os requisitos esixidos no artigo 6.



9.2.- Existirá unha Clasificación Xeral independente para as categorías de Elite e Aventura (o percorrido optativo de iniciación, Orienta-Raid, non terá ranking), segundo a suma total dos puntos de cada equipo nas diferentes probas, ata un máximo de catro puntuacións (caso de correr máis de 4 probas, se descartaría a peor actuación). En categoría Elite, os equipos teñen que competir obrigatoriamente como equipo mixto en 1 proba das que sumen (obrigación que se manterá sempre, aínda que se suspendan probas do calendario aprobado). Os equipos que non compitan unha vez como equipo mixto en Elite, deixarán de sumar no ranking esta puntuación.

9.3.- En caso de anulación dunha proba, o máximo de probas puntuables será de tres (e dous, no caso de dúas probas anuladas). Nembargantes, en caso de anulación dunha proba, mantense a obriga de puntuar unha vez polo menos como equipo mixto en categoría Elite.

9.4.- Poderase sumar un resultado como organizador de proba, sendo este igual a media das 3 mellores actuacións do equipo, si organiza unha proba de 1 día de duración, e sendo igual a media das 3 mellores actuacións do equipo máis o 20% da media, si organiza unha proba de 2 días de duración. Cada organización informará previamente que equipos (co nome dos compoñentes) puntuarán como organización.

ARTIGO 10.- Clasificacións parciais nas probas e cómputo do ranking

10.1.- Nas **clasificacións parciais de cada proba**, por norma xeral cada PC validado terá o valor de 1 punto e os equipos se clasificarán por categorías, tendo en conta 1º o número de PC validados e 2º o tempo real invertido co desconto das bonificacións e neutralizacións, en caso de que as houbese.

10.2.- Os **equipos compostos integramente por mulleres** beneficiaranse dunha bonificación, aplicable por seccións. A bonificación consiste en restar, do tempo total-real invertido en cada sección, un tempo equivalente ó 5% dese total-real. O resultado da resta será o tempo computable para a clasificación. Da mesma bonificación beneficiaranse os **equipos compostos parcialmente por mulleres**, tendo en conta que a bonificación só se aplicará nas seccións nas que o equipo forme alomenos cunha muller.

Exemplo clasificación:		Exemplo clasificación con bonificación	
- 1º Equipo A	25 PC – 6h 45'	- 1º Equipo A	25 PC – 6h 45' 00''
- 2º Equipo B	24 PC – 7h 20'	- 2º Equipo B	24 PC – 7h 20' 00''
- 3º Equipo C	23 PC – 7h 10'	- 3º Equipo Mulleres	23 PC – 7h 07' 30''
- 4º Equipo Muller.	23 PC – 7h 30'	- 4º Equipo C	23 PC – 7h 10' 00''

- **Bonificación 5% * 7h30' = 22' 30''**

10.3.- Para o computo do **Ranking Galego**, a clasificación final de cada proba valorarase acorde sempre a un criterio proporcional tendo en conta:

10.3.1.- O equipo gañador nas probas de 1 día obterá 1.000 puntos, e nas



probas de 2 días 1.200 puntos.

10.3.2.- O TEMPO OFICIAL dos equipos expresarase en minutos, para facer o cálculo porcentual da diferenza entre eles multiplicado pola puntuación correspondente ó gañador, e así obter a PUNTUACIÓN RANKING de cada equipo.

10.3.3.- Ós EQUIPOS que COMPLETEN o PERCORRIDO, calcularán a súa Puntuación Ranking a partir do resultado do **EQUIPO GAÑADOR de cada CATEGORÍA** da proba segundo seguinte SISTEMA de PUNTUACIÓN:

Exemplo:

-1º Clasificado, tarda de TEMPO REAL 8h 22' 02'' = TEMPO OFICIAL 503'
Puntos ranking = 1000 ou 1200 puntos (segundo duración da proba).

Os demais obteñen unha puntuación menor, equivalente porcentualmente á diferenza en tempo que lles teña sacado o primeiro, acorde á seguinte fórmula:

$$\text{PUNTUACIÓN EQUIPO} = \frac{\text{Tempo OFICIAL GAÑADOR} * (1000 \text{ ou } 1200)}{\text{Tempo OFICIAL EQUIPO}}$$

Exemplo:

-2º Clasificado, tarda de TEMPO REAL 8h 34' 55'' = TEMPO OFICIAL 515'
Puntos ranking 1 día = $503 * 1000 / 515 = 976,66 = 976$ puntos
Puntos ranking 2 días = $503 * 1200 / 515 = 1072,03 = 1.072$ puntos

10.3.4.- Os EQUIPOS que NON COMPLETEN o PERCORRIDO, calcularán a súa Puntuación Ranking a partir dos puntos ranking do último equipo en completar o percorrido, descontando 20 puntos por posto descendido na clasificación final da proba.

Exemplo:

Último equipo en completar o percorrido, 2º clasificado = 976 pto ranking
3º Clasificado = $976 - 20 = 956$ puntos ranking
4º Clasificado = $956 - 20 = 936$ puntos ranking
5º Clasificado = $936 - 20 = 916$ puntos ranking
E así sucesivamente ata o último clasificado.

ARTIGO 11.- Xurado Técnico

En caso de ser necesario en cada proba será constituído un xurado técnico, integrado como máximo por un representante de cada club organizador dunha proba da liga na tempada en



curso, cas funcións de dirimir posibles sancións, reclamacións, etc, sempre acorde ó regulamento, e decidindo mediante votación, que no caso de empate será decidida polo voto do organizador da proba. Sendo o prazo máximo para resolver as reclamacións dunha proba, ata a celebración da seguinte proba da liga, ou a asemblea anual da AGaCO.

ARTIGO 12.- Organizadores

Clubs da Asociación Galega de Clubs de Orientación (AGaCO)

Custo da inscrición

ARTIGO 13.- As probas de 1 día terán unha cota máxima de 54 € por equipo, máis o custo da licencia raid de 1 día por participante (en caso de non ter licencia anual de raid) que para esta tempada é de 7 € .

ARTIGO 14.- As organizacións de probas de 2 días terán unha cota acorde cas necesidades da proba, segundo estipule a propia organización, e un custo na licencia de raid de fin de semana por participante para esta tempada de 20 €.

Encargado de elaborar o ranking galego 2009 e propostas de organización para 2010

Manuel Beloso (mbeloso@hotmail.com, tel 659 393 544)

AGaCO (agaco@eresmas.com)

Para **propostas** de organización de probas da **Liga Galega de Raid de Aventura 2010**, pórse en contacto **antes do 1 de Novembro de 2009**.